

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 25 DE ABRIL DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e cinco de Abril do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 18/04/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/315

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 18/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA OBRA "HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO""

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/328

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 18/04/2024. DECRETO: "Requerimiento para la justificación de ofertas económicas, consideradas en principio anormalmente bajas, presentadas en el expediente para la adjudicación de las obras "INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA" 3 LOTES: LOTE 1: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA GENERACIÓN, NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL. LOTE 2: INSTALACIÓN



FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, CENTRO DEPORTIVO FIEITEIRA. LOTE 3: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO, UAD". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/339

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA AUTOPROPULSADA HIDROSTÁTICA POLIVALENTE PARA O MANTEMENTO DE VÍAS DO CONCELLO DE RIBEIRA"

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/367

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 22/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMIENTO "DOTACIÓN DE UN ÁREA DE APARCAMIENTO INTELIGENTE EN EL CENTENARIO" FINANCIADO CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU (PRTR) "AYUDAS PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS" (RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE LA AYUDA DE FECHA 10/11/2023, DE LA SECRETARIA DE ESTADO DE COMERCIO)"

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/391

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/04/2024. DECRETO: "RESOLUCIÓN POR DEMORA NO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS, DO CONTRATO DE OBRAS "REFORMA ALPENDRE PORTUARIO PARA ZONA ESPERA BUS (RIBEIRA)"

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/398

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 24/04/2024. DECRETO: "Arrendamento de ben inmovible sito en Corrubedo e propiedade de D^a M^a Luisa e D^a Ramona Arias Maneiro para o seu uso como aparcadoiro municipal"

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



10210 24.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. substitución dun apoio de formigón por un tipo celosía para a instalación dun novo vano de liña eléctrica aérea no lugar de Corrubedo.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9899 20.04.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., substitución dun apoio de formigón por un tipo celosía e para a instalación dun reconectador telecontrolado en dito apoio, no lugar de Bretal, Olveira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9736 19.04.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de un poste á altura do nº 16, na rúa Castelao, Aguiño.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9518 17.04.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de catro postes no lugar de Muiños, Oleiros.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16677 10.07.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación dunha canalización de 780 m. de lonxitude para proporcionar servizo de fibra óptica a estación base situada na Eirexa-Bretal, Olveira.



13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

14267 27.07.2022 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., construción de 651 m. de prisma de canalización para dotar de acceso de fibra óptica o centro de telecomunicacións existente no polígono 938, parcela 1703 (Monte Alberte).

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2175 26.01.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., efectuar un novo tendido de fibra óptica nas inmediación da rúa Bo. Deán Pequeño.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12050 17.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar un cambio de máquina co obxecto de ampliar a potencia do CT Rotonda de Xarás para proporcionar subministro eléctrico para uso terciario.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12341 19.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., desmontar un tramo de RBTS que pasa cerca da nave do matadoiro.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11728 11.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha canalización de baixa tensión de 40 m. de lonxitude para dar servizo a unha vivenda unifamiliar, situada no lugar de Axeitos.



18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9510 17.04.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de un poste no lugar de Martín.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (12)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11720 11.05.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., realización dunha canalización de 6 m. no lugar de Areeiros, para proporcionar o servizo de fibra óptica.

20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (13)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

29085 18.12.2023 STOLT SEA FARM S.A., instalación almacén de pienso, en Couso.

21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (14)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13083 29.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., substitución dun apoio de formigón por un tipo celosía e para a instalación dun reconectador telecontrolado en dito apoio, no lugar de Couso, Aguiño.

22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (15)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

14098 09.06.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., substitución dun apoio para subministrar enerxía eléctrica a unha vivenda unifamiliar situada en Reiris, Olveira.



23.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (16)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11598 10.05.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., adecuación do centro de transformación con matrícula 15CZ11, situado no lugar do Touro.

24.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (17)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

28322 07.12.2023 JUAN F. LUSTRES GARCÍA, reubicar poste de alumado público, no lugar de Sirves, Olveira.

Así mesmo se lle **informa** que, segundo informe da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 09/01/2024,

*“Visto o escrito presentado por Juan F. Lustres García, en el que expón que necesita desprazar un poste eléctrico que impide o acceso a súa vivenda na parcela con referencia catastral 15074A940019750000UR, no lugar de Sirves (Olveira) e que, a compañía distribuidora de enerxía proponlle como solución a execución dunha canalización cun custe moi elevado, infórmase que, neste caso, ao tratarse dun poste xa existente, **autorízase o desprazamento do mesmo, sempre que se sitúe nun punto que non supoña un obstáculo desde o punto de vista da accesibilidade.**”*

25.- LICENZA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN AGROPECUARIO. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE OLVEIRA DE ABAIXO, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ LEMA

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN AGROPECUARIO, LUGAR DE OLVEIRA DE ABAIXO, OLVEIRA, RIBEIRA** da que é promotor **JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ LEMA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** emitido polo **arquitecto técnico municipal** o día **20 de febreiro de 2024**, o **informe do técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de Urbanismo de data **23 de febreiro de 2024** e o **informe emitido polo secretario xeral da Corporación** de data **27 de febreiro de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Conceder a **D. José Ramón Vázquez Lema LICENZA DE OBRAS (Nº 14/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN AGROPECUARIO**, no lugar de Olveira de Abaixo, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A043006730000KF nos termos do Proxecto Básico e Executivo visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 19 de febreiro de 2024 visado VN24000397 redactado por D. Emilio José Domínguez Rodríguez:

-Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008,*



- do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
 - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.-Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



26.- LICENZA MUNICIPAL para DEMOLICIÓN DE CUBERTA E ELEVACIÓN DUNHA PLANTA SOBRE EDIFICACIÓN EXISTENTE. LUGAR: AVDA ROSALÍA DE CASTRO, Nº 14, RIBEIRA. PROMOTOR: ESPAÑA Y FERNÁNDEZ, S.L. - (PROXECTO DE EXECUCIÓN)

VISTA a solicitude de licenza urbanística para DEMOLICIÓN DE CUBERTA E ELEVACIÓN DUNHA PLANTA SOBRE EDIFICACIÓN EXISTENTE, no lugar de AVDA ROSALÍA DE CASTRO, Nº 14, RIBEIRA da que é promotora a entidade ESPAÑA Y FERNÁNDEZ, S.L. (PROXECTO DE EXECUCIÓN).

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 15 de abril de 2024.

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 18 de abril de 2024 e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 19 de abril de 2024,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 34/23, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11 de outubro de 2023 á entidade ESPAÑA Y FERNANDEZ, S.L., consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24 de outubro de 2023 redactado por D. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº128) así como Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 8 de novembro de 2023.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas



Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías,



foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

27.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DE OFICIO DA REFª CATASTRAL DA LICENZA DE OBRA 37/20 - Irene Tato Dios e Álvaro Lijó Gude.

LICENZA DE OBRA Nº 37/20, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 10 de decembro de 2020.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e planta primeira.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A017007140000KG.

SITUACIÓN: Lugar de A Fieiteira s/n, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sra. Irene Tato Dios e Álvaro Lijó Gude

En relación ao expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO



PRIMEIRO.- Visto un erro na refª catastral da licenza de obra nº 37/20, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 10 de decembro de 2020 aos Sres. Irene Tato Dios e Sr. Álvaro Lijó Gude, para construción de vivenda unifamiliar de soto, planta baixa e planta primeira no lugar de A Fieiteira s/n, Ribeira.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á corrección da refª catastral da licenza de obra nº 37/20, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de decembro de 2020, aos Sres. Irene Tato Dios e Sr. Álvaro Lijó Gude, **resultando a refª catastral co nº 15074A017007140000KG.**

28.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Romay Sieira

Visto o escrito presentado por **Francisco Romay Sieira**, de data 05/02/2024 (Registro de entrada nº 2.958), no que solicita información urbanística en relación ás parcelas con referencias catastrais 15074A052000430000KY e 15074A052000420000KB.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 17/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 5 de febreiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística



O PXOM de Ribeira clasifica as parcelas con referencias catastrais 15074A052000430000KY e 15074A052000420000KB, no seu plano 2.10 de Ordenación Básica do Territorio Municipal, Clasificación do Solo e Usos Globais, Sistema viario, a escala E:1/5.000, coma solo rústico de protección de espazos naturais.

As parcelas están incluídas dentro do ámbito do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, como áreas de Interese Paisaxístico e protección costeira.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións agrícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.



r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.



Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

O Plan de Ordenación do Litoral (POL), cualifica a parcela con protección ambiental, e dentro desta cualificación, coma protección costeira, correspondéndose cas áreas, recollidas na cartografía, que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación.

Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto, as xeiformas rochosas (acantilados, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais.

Sen prexuízo do debido cumprimento do establecido no título V. Normas Complementarias. Capítulo II. As praias e o seu contorno, sempre e cando non entren en contradición, atenderase ao seguinte:

1. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46º, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.
2. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.
3. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46º, epígrafes 1A2, 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

Do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

Por todo isto, para levar a cabo calquera actuación, se deberá solicitar autorización do Instituto de Estudos do Territorio.

6. AXUSTE ÁS DETERMINACIÓNS DA NORMATIVA QUE RESULTE DE APLICACIÓN PARA O USO DE APARCAMENTO DE AUTOCARAVANAS

Propónse un uso de aparcamento de autocaravanas, que se englobaría dentro dos usos autorizables neste tipo de solo segundo o artigo 35.d da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Segundo o POL, considerase incompatible o uso relacionado no artigo 46º epígrafe 2G1b, e epígrafe 1D, que serían os usos relacionados no POL que poderían asimilarse ao pretendido.

Por este motivo non se considera un uso compatible co Plan de Ordenación do Litoral de Galicia e en consecuencia non poderá levarse a cabo esta actividade nestas parcelas.

29.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Gallego Fernández

Visto o escrito presentado por **José Manuel Gallego Fernández**, de data 16/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.939), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A902015560000UP.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 22/04/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 16 de febreiro de 2024.



2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunhas parcelas. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de informe para autorización de obras de acondicionamento de peche de parcela dunha parcela indicando a súa referencia catastral, e axuntando a solicitude realizada polo promotor das obras e documentación adxunta.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A902015560000UP, no seu plano 7.1 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 como solo urbano, Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroadas a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.



Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- **Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- **Balcóns:** Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm e cumprirán as mesmas condicións de separación, respectando as medianeiras e as galerías.
- **Construcións auxiliares:** Non se permiten
- **Comisas e aleiros:** A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- **Patios:** Cumprirán as condicións xerais da edificación.
- **Peches de parcela:** Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metros. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.
- **Outros:**

Proxectarase un zaguán ou plataforma horizontal de 5 metros de profundidade e 3 metros de largo mínimo no acceso rodado da parcela con obxecto de non interferir bruscamente sobre o tráfico da rúa.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboledas.



Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocós: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocós das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela. Comprende esta Ordenanza as zonas de solo urbano que presentan un desenvolvemento de carácter lineal apoiadas na rede viaria e que son utilizadas con fins residenciais colectivos.

Perséguese completar a edificación existente ca tipoloxía mais usual neste tipo de implantacións, edificacións entre medianeiras tendendo a crear un ambiente mais urbano.

Tratase dunha vivenda colectiva ca planta baixa destinada fundamentalmente á implantación de usos terciarios estando as restantes destinadas a vivenda.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela obxecto deste informe non presenta afeccións sectoriais.

30.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Gumersindo Rivas Sieira

Visto o escrito presentado por **Gumersindo Rivas Sieira**, de data 10/04/2024 (Registro de entrada nº 8.851), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Avda do Malecón, Ribeira, con refª catastral nº 0719301NH0101N0006TL.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 17/04/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Avda do Malecón, Ribeira, con refª catastral nº 0719301NH0101N0006TL.

31.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

25172 30.10.2023 ANA PATIÑO MARIÑO, primeira ocupación de vivenda unifamiliar situada en Olveira.



32.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

7426 25.03.2024 LEANDRO CONDE FURELOS, primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Lixó, Oleiros.

33.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: PABLO SANTAMARÍA RIVAS. LUGAR: CHIMPÍN, SAN PEDRO PALMEIRA RIBEIRA

VISTO o escrito presentado por **D. Pablo Santamaría Rivas**, rexistrado de entrada os días **5 de marzo de 2024**, (rexistro de entrada nº 5.598), mediante o que solicita licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 15074A036011740000KJ e sita no lugar de Chimpín, San Pedro, Palmeira, Ribeira, achegando Proxecto de segregación de fincas asinado dixitalmente o día **5 de marzo de 2024** redactado por D.Luis Miguel Fernández Castro, (enxeñeiro técnico forestal col. nº 554), así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcel e Escritura de propiedade.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **6 de marzo de 2024**.

VISTA a acta e plano de cesión asinado pola **enxeñeira municipal** o día **7 de marzo de 2024** en relación á superficie de **320,00 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o contrato de cesión asinado por D. Pablo Santamaría Rivas o día **14 de marzo de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **320,00 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **14 de febreiro de 2024**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **18 de marzo de 2024**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos



esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ADOPTA** o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a D.Pablo Santamaría Rivas a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 5/24) con refª catastral nº 15074A036011740000KJ e sita no lugar de Chimpín, San Pedro, Palmeira, Ribeira, achegando Proxecto de segregación de fincas asinado dixitalmente o día **5 de marzo de 2024** redactado por D.Luis Miguel Fernández Castro, (enxeñeiro técnico forestal col. nº 554), así como Proforma de Escritura de Segregación de Finca ambos rexistrados de entrada o día **5 de marzo de 2024**, (rexistros de entrada nº 5.598):

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado por D. Pablo Santamaría Rivas o día 14 de marzo de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de 320,00 m² en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

34.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: MANUEL FIGUEIRAS AGEITOS. LUGAR: CARBALLO, OLEIROS, RIBEIRA

VISTO os escritos presentados por escritos presentados por **Dna. Manuela Figueiras Ageitos**, rexistrados de entrada os días **19 de febreiro e 7 de marzo de 2024**, (rexistros de entrada nº 4.002 e 5.832), mediante os que solicita licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 15074A033003580000KM e sita no lugar de Carballo, Oleiros, Ribeira,



achegando Modificado de Proxecto de segregación de parcelas redactado polo arquitecto D. Manuel Peleteiro Bandín con sinatura dixital de día 19 de febreiro de 2024 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, presentada o día 7 de marzo de 2024.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **12 de marzo de 2024**.

VISTA a acta e plano de cesión asinado pola **enxeñeira municipal** o día **13 de marzo de 2024** en relación á superficie de **89,10 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o contrato de cesión asinado por Dna. Manuel Figueiras Ageitos o día **16 de abril de 2024** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **89,10 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **17 de abril de 2024**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **19 de abril de 2024**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Manuela Figueiras Ageitos. a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 6/24) con refª catastral nº **15074A033003580000KM** e sita no lugar de Carballo, Oleiros, Ribeira, nos termos Modificado de Proxecto de segregación de parcelas redactado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín con sinatura dixital de día 19 de febreiro de 2024 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, presentada o día 7 de marzo de 2024:

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado por Dna. Manuela Figueiras Ageitos o día 16 de abril de 2024 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 89,10 m² en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**.



TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

35.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. DANIEL MUÑOZ RUÍZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a MARÍA TUBÍO MAYÁN, POLOS DANOS OCASIONADOS NUN VEHÍCULO AO BATER CONTRA O MESMO UN COLECTOR DE RECOLLIDA DO LIXO. EXPEDIENTE 2023 RESP00023.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Daniel Muñoz Ruíz** en nome e representación de **D^a María Tubío Mayán**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 17 de xaneiro de 2.023, D^a María Tubío Mayán, con DNI número 76493751Y, circulaba no seu vehículo marca Ford, modelo Fiesta, con placas de matrícula C-4080-CF, pola Rúa do Norte, parroquia de Palmeira cando, de súpeto, á altura do número 48, bateu cun colector do lixo que se atopaba no medio da vía e que non puido evitar, ocasionándolle unha serie de danos ó automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/05/2023 co número 202300011795, D. Daniel Muñoz Ruíz, en nome e representación de D^a María Tubío Mayán, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no citado vehículo, que cuantifica na contía total de 506,16 euros.

Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 13/11/2023 co número 26.232, achega a escritura de poder xeral para pleitos e especial para outras facultades, outorgado por D^a María Tubío Mayán a favor de D. Daniel Muñoz Ruíz, ante o Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, na data 23 de outubro de 2023, co número 2.118 de protocolo.

Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 21/12/2023 co número 29353, achega informe pericial dos danos sufridos polo vehículo.



Así mesmo, consta no expediente permiso de circulación do vehículo e a súa correspondente ficha técnica, que achega a reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/03/2024 co número 7.122.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola entidade URBASER, rexistrado de entrada na data 05/12/2023 co número 202300028290; informe pericial aportado pola reclamante, rexistrado de entrada na data 21/12/2023 co número 202300029353; e informe realizado pola Policía local na data 21/01/2024.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos.



(...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser a propietaria do vehículo danado**, tal e como consta no permiso de circulación e demais documentación que forma parte do expediente.

Actúa representada polo Sr. Muñoz Ruiz, que acredita debidamente a súa representación mediante a escritura de poder xeral para pleitos e especial para outras facultades, outorgado por D^a María Tubío Mayán a favor de D. Daniel Muñoz Ruiz, ante o Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, na data 23 de outubro de 2023, co número 2.118 de protocolo.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Ford, modelo Fiesta, con placas de matrícula C-4080-CF. Así se deduce do informe pericial que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a entidade reclamante conecta os mesmos ao mal funcionamento do servizo de recollida de lixo.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido, tal e como consta no seu informe na instrución do expediente: *"(...) el día 17*



FIRMANTE - FECHA



de enero de 2023, sobre las 20:37 horas, realizando servicio de patrulla reciben aviso de la sala operativa, para que se personen en la Rúa do Norte a la altura del nº 48, de Palmeira por accidente de circulación con resultado de choque de un vehículo contra un contenedor en la vía.

La requirente se identifica como María Tubío Mayán, que conducía el vehículo Ford Fiesta con placa de matrícula C-4080-CF, que se encontraba circulando con su vehículo por Rúa do Norte con dirección a Pobra y a la altura del nº 48, de repente se encuentra con un contenedor en medio de la vía, no dándole tiempo a evitarlo, chocando contra él.

Punto 1. Se tiene constancia el día 17-01-2023.

Punto 2.- Se tiene constancia de que las condiciones climatológicas existentes el día del siniestro fueron de viento y lluvia, durante varias horas en toda la localidad de Ribeira, donde en más de un lugar ocurrieron hechos similares tanto con contenedores de basura, como otros enseres y señalización de la vía pública.

Punto 3.- Que dadas las circunstancias meteorológicas de ese día, la forma más probable de producirse el accidente fue tal como manifestó la conductora afectada por los daños ocasionados.

Punto 4.- El vehículo circulaba correctamente por la vía, el choque contra el contenedor no pudo evitarlo por encontrarlo en medio de la vía, sumado a la mala visibilidad, la lluvia intensa y viento.

Punto 5.- El contenedor debido al anclaje deficiente se mueve a consecuencia del viento desplazándose hacia el carril de circulación.

Punto 6.- En el vehículo Ford Fiesta con placa de matrícula C4080CF, se observaron los siguientes daños: retrovisor derecho completamente roto y abollado, ralladura derecha delantera encima de la rueda delantera.”

Cómpre mencionar que na fase de instrución do expediente, e en cumprimento do disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante oficio de data 28/11/2023 solicitouse informe á entidade URBASER S.A. que na data do accidente era a entidade concesionaria da xestión do servizo público de limpeza pública urbana e recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, emitindo informe de data 01/12/2023 no que se dispón o seguinte: “1. **Nuestra entidad lleva prestando servicio de recogida de basura al Ayuntamiento de Ribeira desde el 01/02/2020 hasta la actualidad.** 2. **No hemos tenido aviso o conocimiento previo de los hechos referidos.** 3. **No tenemos constancia de las condiciones climatológicas existentes del día del accidente. No tenemos constancia, cuando suceden este tipo de hechos el reclamante tiene que ponerse en contacto con la Policía Local para la emisión del informe pertinente, no tenemos datos del lugar o forma de ocurrencia, ni punto exacto, ni tenemos potestad para emitir este tipo de valoraciones. Consideramos que debería ser el perjudicado el que acreditase esta situación. (...). No tenemos constancia de tal suceso. (...).”**

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula C-4080-CF.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente á recollida de residuos sólidos urbanos, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe



unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade URBASER S.A., con NIF A79524054, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción do vidro) e xestión do punto limpo do Concello de Ribeira, asinado na data 31/07/2017 entre o Concello de Ribeira e a entidade RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., contrato que foi cedido a favor da mercantil URBASER S.A.U, formalizándose a citada cesión na data 19/5/2020, dispón na súa cláusula décimo novena que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: “(...) *Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración*”.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a



Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D^a María Tubío Mayán, deuse audiencia á entidade concesionaria URBASER S.A. mediante Decreto da Alcaldía de data 21/03/2024, que foi notificado na data 22/03/2024, segundo consta no acuse de notificación telemática, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, **polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade concesionaria, por desprenderse esta do actuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Daniel Muñoz Ruiz, en nome e representación de D^a María Tubío Mayán, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 506,16 euros.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender ó pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade que na data do accidente era a concesionaria do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo URBASER S.A., polo que será esta entidade a que deberá facer fronte á reparación dos danos ocasionados indemnizando á Sra. Tubío Mayán na contía de 506,16 euros.

Todo isto de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da prestación do citado servizo e en virtude da cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas particulares do citado contrato administrativo.

36.- VAO PERMANENTE – María Belén Cameán Carballo

Visto o escrito presentado por Manuel Regueira Carracedo en representación da **María Belén Cameán Carballo**, de data 30/08/2023, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 19 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 17/03/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a María Belén Cameán Carballo**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Castelao, nº 19 (Aguiño), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.



- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

37.- CELEBRACIÓN DO PROGRAMA “MAIO CULTURAL 2024”

Vista a proposta conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro e a Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 18/04/2024, relativa á celebración do programa “Maio Cultural 2024”, que se achega como anexo I.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** a celebración do programa “Maio Cultural 2024”, segundo o contido da citada proposta.
- Dar traslado deste acordo coa programación anexa á Policía Local e GAEM aos efectos do seu coñecemento.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE BARBACOA EN PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIBEIRA) – José Manuel Olveira Filgueira

Visto o escrito presentado por **José Manuel Olveira Filgueira** en representación do establecemento hostaleiro “**Bar Carballosa**”, de data 18/04/2024 (Rexistro de entrada nº 9.658), no que solicita autorización para a celebración dunha barbacoa o día 27/04/2024 (de 12:00 h. a 15:00 h.), no Parque García Bayón (Ribeira), gardando todas as medidas de seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante que o lugar onde pretente realizar a citada barbacoa (Parque García Bayón), no é de titularidade municipal, correspondendo polo tanto autorizar tal evento á entidade **Portos de Galicia**, organismo titular da zona en cuestión.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raquel Sanlés González (CAPITÁN MORGAN)

VISTO o escrito presentado por **Raquel Sanlés González**, en representación do establecemento “**Bar Capitán Morgan**”, de data 17/04/2024 (Rexistro de entrada nº 9.585), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Capitán Morgan**” (Ribeira), o día 27/04/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



PRIMEIRO.- Conceder autorización (**Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións**) a **Raquel Sanlés González**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Capitán Morgan” (Ribeira), o día 27/04/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Capitán Morgan” (Ribeira) (**Raquel Sanlés González guez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Javier Souto González (BEIZOS)

VISTO o escrito presentado por **Javier Souto González**, en representación do establecemento “Beizos Gastrobar”, de data 19/04/2024 (Registro de entrada nº 9.780), no que solicita permiso para evento musical no exterior establecemento hostaleiro “Beizos Gastrobar” (Praza de Vigo - Ribeira), o día 04/05/2024, en horario de 13:00 h. a 14:00 h. e de 15:30 h. a 16:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Javier Souto González**, para evento musical no exterior establecemento hostaleiro “Beizos Gastrobar” (Praza de Vigo - Ribeira), o día 04/05/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante,



representante ou promotor/a de “Beizos Gastrobar” (Praza de Vigo - Ribeira) (**Javier Souto González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN FESTA EN PALMEIRA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 22/04/2024, relativa á solicitude para a celebración dunha Festa o día 25 de maio en Palmeira e na que expón:

“Expoño:

- *Recíbese petición de Amador Eiras Lojo, en nome da Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira, data de 04/4/2024 e núm. rexistro municipal de entrada 2024 8288, interesando celebrar unha **Festa o día 25 de maio na Parroquia de Palmeira.***
- *Indica que terá lugar na finca que está fronte ao polideportivo “Alcalde Torres Colomer” de Palmeira e contará coa actuación dun DJ, grupo de música, pulpeiro, barra, carros de comida e algún inchable dende as 12.00 h ás 4.00h do 26 de maio de 2024.*
- *Achega recibo de pago da Póliza de Responsabilidade Civil núm. 1332200005009, período de vixencia do 22/6/2023 ao 22/6/2024.*
- ***Solicita permiso para realizar este evento, un punto de luz, contenedores e limpeza do día seguinte, taxis (na costa do Barreiro) e cortar a rúa, que pasa por diante do polideportivo a ambos dous lados.***
- ***Conta cunha prevision de 1.000 asistentes aproximadamente.***

*En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2018) así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, **con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispor de:***

- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241305020
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/04/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/04/2024 12:19:45		Fecha: 26/04/2024 Hora: 12:19



- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctrica temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
- ✓ Documento acreditativo da dispoñibilidade do local ou espazo.

Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ Co seu esforzo e dedicación contribúen a enriquecer a oferta lúdico – cultural do municipio.
- ✓ Son un elemento vertebrador e integrador da sociedade e do mantemento das tradicións, ademais de supor un instrumento dinamizador da economía local.
- ✓ Pola súa singularidade crean espazos de socialización.
- ✓ Aberto a toda á cidadanía.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1. **Autorizar a celebración da Festa o día 25 de maio de 2024 na parroquia de Palmeira en horario de 12.00 h ata ás 4.00 h do día seguinte.**
2. **Prestar a colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, servizo de limpeza, reforzo de contedores de lixo.**
3. **Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:**

- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.
- ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica** da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ **Boletíns eléctricos da instalación** segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctrica temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.
- ✓ **Documento acreditativo da dispoñibilidade do local ou espazo.**

4. **Comunicar ao solicitante que**



- ✓ **Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.**
 - ✓ **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.**
 - ✓ **Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.**
- 5. Dar traslado deste acordo á Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico e sinalización viaria.**

42.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORA DO PROCESO SELECTIVO PARA LA FORMACIÓN DE UNA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A

Expediente: 2024 PSEL000012

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1º) Pola técnica de administración xeral responsable do departamento de contratación, M^a Teresa Cid Poza, elévase a esta Alcaldía unha memoria asinada na data 08/04/2024 na que se indica o seguinte:

- *Que o Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 27/03/2023 aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo.*
- *Que o Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 11/10/2023 aprobou o Orzamento Xeral para o ano 2023.*
- *Que o Decreto da Alcaldía de data 27/11/2023 aproba a adscrición provisional dos/as empregados/as municipais ós postos de traballo sinalados na RPT, na que figuran o posto de técnico/xefe de contratación, o posto de administrativo e o posto de axudante de contratación.*
- *Que o titular adscrito ao posto de administrativo atópase de baixa de longa duración.*
- *Que tendo en conta o volume de expedientes tramitados polo departamento de contratación do Concello, e ante a falta de medios persoais dos que adolece, é necesario que se cubra o posto de administrativo de forma temporal, para a realización de tarefas administrativas, de trámite e colaboración necesarias para garantir o funcionamento do servizo e quen non se paralicen os procedementos de licitación, suxeitos aos prazos obrigatorios que establece a normativa.*

2º).- Por Providencia da Alcaldía de data 10/04/2024, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, coa emisión dos informes xurídico e económico que sexan precisos.



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 3 do artigo 11 do TREBEP, recentemente engadido pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que dispón: “3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirán igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de realizar unha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de ADMINISTRATIVO/A, polos motivos expostos na memoria asinada pola responsable do departamento de contratación e reproducidos na Providencia da Alcaldía.



As referidas prazas están incluídas no cadro de persoal funcionario que forma parte do orzamento municipal vixente.

Trátanse entón de postos reservados a persoal funcionario de carreira, tal e como está definido no cadro de persoal antes referido, polo que **como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de nomeamentos temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**

TERCEIRO.- Neste ano 2023, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, de carácter básico.

No referido precepto dispónse que: *“La incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público, a excepción de los órganos contemplados en el apartado Uno.e) del artículo anterior, se llevará a cabo a través de la Oferta de Empleo Público, como plasmación del ejercicio de la planificación en un marco plurianual.”*

CUARTO.- No presente caso, trataríase do nomeamento de persoal funcionario interino, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022 que dispón o seguinte: *“1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”*

A este respecto, consta no expediente o informe emitido pola responsable do departamento de contratación na data 08/04/2024, así como a Providencia da Alcaldía ditada na data 10/04/2024, nos que se xustifica a necesidade da formación dunha bolsa de emprego.

Posteriormente e de facerse efectivo o nomeamento deste persoal habería que acreditar a necesidade de urxencia do nomeamento, sempre tendo en conta que o concepto de *“necesidades urxentes e inaprazables”* resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- O nomeamento de funcionarios/as interinos/as, de ser o caso, realizarase en calquera das modalidades previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 22/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de ADMINISTRATIVO/A.



SEGUNDO.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia”, de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TERCEIRO.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de emprego no Concello de Ribeira coa finalidade de dotar ó mesmo dunha bolsa de traballo que permita atender presentes e futuras necesidades desta Administración local mediante o nomeamento de funcionarios/as interinos/as da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo, Grupo C, subgrupo C1, na categoría profesional de Administrativo/a, en calquera das modalidades previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir as necesidades de persoal antes citadas. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a prestar servizo no Concello de Ribeira, por orde de puntuación.

A bolsa resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de 5 anos. O inicio do prazo de vixencia computarase desde o día en que a bolsa quede constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalice o prazo máximo de duración.
- Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
- Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) **Estar en posesión**, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias, **do título de bacharel ou técnico ou titulación equivalente habilitante para acceso ao grupo/subgrupo C1 na función pública**. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.
- b) **Posuír a nacionalidade española**, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- c) **Ter cumpridos dezaseis anos** e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) **Estar en posesión do Celga 4** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo



coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.

- e) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- f) **Non incurrir en causa de incompatibilidade ou de incapacidade,** conforme á normativa vixente.
- g) **Non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 16,23 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal (Praza dos Mariñeiros s/n) sendo o horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas (horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: dereitos de exame.
 - A liquidar: Grupo B ou asimilado.
 - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: *"Pagar on line"*, ou *"imprimir recibo"* e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas) **durante o prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.**

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira <https://sede.ribeira.gal>

Así mesmo procederase tamén á publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na páxina web municipal (www.ribeira.gal) no apartado *taboleiro de anuncios*.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.
- Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Titulación académica esixida na Base 2ª apartado a).
- Celga 4 ou equivalente.
- Certificación de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.



5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 4ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.ribeira.gal), no apartado "taboleiro de anuncios".

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de TRES (3) DÍAS HABILES contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello (www.ribeira.gal), no apartado "taboleiro de anuncios".

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos



cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicárase, a título informativo e complementario, na web do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

8.1. Sistema de Selección:

O sistema de selección é o de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación:

8.1.1. Fase de concurso de méritos.

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 10 puntos. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

a) Experiencia profesional:

- Experiencia a valorar: Valoraranse os servizos prestados como administrativo/a, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta unca e



exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nun posto de administrativo/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,20.

- **Forma de acreditación:** A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (**Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia**) suporá a non valoración do mérito alegado.
- **Puntuación máxima por este apartado:** 7 puntos.

b) Cursos de formación e perfeccionamento:

- **Cursos a valorar:** Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas. Igualmente valorarase dentro da formación continua os cursos realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto da convocatoria aínda que fosen expedidos por entidades privadas. No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo. Así mesmo, valorarase os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.
 - Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,20 puntos.
 - Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,40 puntos.
 - Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,60 puntos.
 - Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,80 puntos.
 - Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- **Forma de acreditación:** Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
- **Puntuación máxima por este apartado:** 3 puntos.

8.1.2. Fase de oposición.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:



- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo II.
O exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos (a razón de 0,4 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos (25 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as. Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".
- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos ou proba/s práctica/s determinados polo tribunal con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio e relacionado directamente co temario do Anexo II e coas funcións propias do posto convocado.
O exercicio práctico terá unha duración non superior a 90 minutos, quedando o Tribunal capacitado para determinar tempos inferiores de realización do mesmo.
A puntuación deste exercicio será de 0 a 20 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 10 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.
Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".
- c) **Terceiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO". De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 4, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

8.2. Desenvolvemento das probas da oposición.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declararase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a excusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá



realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requiririlles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

8.3. Presentación de reclamacións.

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web do Concello, de ser posible.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

9ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DOS NOMEAMENTOS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para o seu nomeamento. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica), así como na páxina web, de ser posible.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser nomeados/as por orde de puntuación.

De se producir empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta: en primeiro lugar, a puntuación acadada no primeiro exercicio da oposición; en segundo lugar, a puntuación acadada no segundo exercicio da oposición; en terceiro lugar, a puntuación acadada no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; e en cuarto lugar, a puntuación acadada no apartado de cursos de formación e perfeccionamento da fase de concurso. De persistir o empate, dirimirase segundo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún/ha aspirante a proba ou por non presentarse ningún/ha a esta, o Sr. Alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

10ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.



O funcionamento da bolsa de emprego será segundo se dispón a continuación:

10.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- a) *Dispoñibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- b) *Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe. No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorra un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.
- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

10.2. Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifeste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no



momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación



coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

10.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicárase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

10.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

10.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

10.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

11ª.- NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante que corresponda.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

12ª ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a adquisición da condición de persoal funcionario/a interino/a esixe, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos nas letras d) e e) do artigo 60 da Lei 2/2015, isto é: Acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións e toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

13ª.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei reguladora das



bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A.

APELLIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		

(*) Para as persoas que opten por relacionarse electronicamente con esta Administración para as comunicacións ou notificacións non suxeitas a publicación neste procedemento, a comunicación da dirección de correo electrónica servirá para enviarlle un aviso, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou na dirección electrónica habilitada única. En todo caso, a falta da práctica deste aviso no impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia número, de data/...../....., para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de prazas de Administrativo/a, funcionario/a interino/a, mediante o sistema de concurso-oposición:

1) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.



2) DECLARO que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o nomeamento como funcionario/a interino/a e os sinalados na correspondente convocatoria.

3) DECLARO:

Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a. E no suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Non estar afectada/o por ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

4) ACHEGO os seguintes documentos – base 4- (marcar con “X”):

- Documento nacional de identidade, NIE, pasaporte ou documento equivalente válido en dereito.
- A titulación esixida para participar no proceso.
- Certificación de aptitude do Celga 4 ou superior, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame.
- Acreditación de situación de desemprego (no seu caso).
- Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo.
- Relación de méritos..
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

5) ELIXO a seguinte lingua para a realización dos exercicios da oposición (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor opta pola lingua galega).

- Castelán
- Galego

6) AUTORIZO ao Concello de Ribeira a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor non autoriza a comunicación electrónica).

- SI
- NON

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA

ANEXO II: TEMARIO

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura. Título Preliminar. Título I. Dereitos e deberes fundamentais. Título II e Título III. A Coroa, o Rei e o Refrendo. As Cortes Xerais e a elaboración das Leis. Título IV e Título V. Do Goberno e da Administración. Das relacións do Goberno e as Cortes Xerais. Título VI e TÍTULO VII. Do Poder Xudicial. Economía e Facenda.



TEMA 2.- A Constitución Española de 1978. Título VIII, Título IX e Título X. A organización territorial do Estado. Tribunal Constitucional. A reforma constitucional.

TEMA 3.- A Lei Orgánica 1/1981, do 06 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 4.- O Municipio: concepto e elementos. A organización municipal. O alcalde: forma de elección e cesamento; atribucións. Os tenentes de alcalde. A xunta de goberno local: composición e atribucións. O pleno: composicións e atribucións. As comisións informativas e outros órganos colexiados na Administración local.

TEMA 5.- Competencias e servizos municipais. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

TEMA 6.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos interesados no procedemento. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo.

TEMA 7.- A Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Termos e prazos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 8.- A Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo. Iniciación, ordenación, instrución e finalización. Da tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.

TEMA 9.- A Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio. Recursos administrativos. Principios xerais. Recurso de alzada. Recurso potestativo de revisión. Recurso extraordinario de revisión.

TEMA 10.- A Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 11.- A Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público. Disposicións xerais. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei. Negocios e contratos excluídos. Delimitación dos tipos contractuais. Contratos suxeitos a unha regulación armonizada. Contratos administrativos e contratos privados.

TEMA 12.- Disposicións xerais sobre a contratación do sector público. Liberdade de pactos e contido mínimo dos contratos. Perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez. Recurso especial.

TEMA 13.- Partes no contrato. Órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Aptitude para contratar co sector público: normas xerais e normas especiais sobre capacidade; prohibicións de contratar; solvencia; clasificación das empresas. Acreditación da aptitude para contratar. Sucesión na persoa do contratista

TEMA 14.- Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.

TEMA 15.- Preparación dos contratos das Administracións Públicas. Expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adxudicación dos contratos das Administracións Públicas. Normas xerais. Procedemento aberto. Procedemento restrinxido. Procedementos con negociación.



TEMA 16.- Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Prerrogativas das Administración Públicas nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos.

TEMA 17.- Tipos de contratos das Administracións Públicas: contrato de obras; contrato de concesión de obras; contrato de concesión de servizos; contrato de subministro; contrato de servizos.

TEMA 18.- Rexistros oficiais. Rexistros Oficiais de Licitadores e empresas clasificadas. Rexistro de Contratos do Sector Público. Xestión da publicidade contractual por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

TEMA 19.- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Especial referencia á tipoloxía de persoal público, procedementos selectivos de acceso e provisión.

TEMA 20.- Lei 2/2025, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Especial referencia a dereitos e deberes do persoal público. Especial referencia a situacións administrativas, permisos e licenzas do persoal público.

TEMA 21.- Os orzamentos municipais. Estrutura do orzamento. Elaboración e aprobación do orzamento. Os créditos e as súas modificacións.

TEMA 22.- A execución do orzamento de gastos e de ingresos: as súas fases. Os pagos para xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado: especial referencia ás desviacións de financiamento.

TEMA 23.- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: Impostos: natureza, feito imponible, suxeito pasivo, exencións e bonificacións dos seguintes impostos: imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas, impostos sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre construcións, instalacións e obras e o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Taxas. Contribucións especiais. Prezos públicos.

43.- DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL MÉDICO PARA SOLICITUDE DE SEGUNDA ACTIVIDADE

Visto que en data 08/11/2023, José Francisco Trillo Vilar, persoal laboral do Concello no posto de “ Operario de vías públicas “ solicita o pase a segunda actividade con motivo de ter diminuídas as súas aptitudes psicofísicas.

Visto que por decreto de alcaldía de data 19/12/2023 incóase o procedemento para o pase a segunda actividade.

CONSIDERANDO que existe un Regulamento Municipal de pase de determinado persoal funcionario e persoal laboral á segunda actividade tendo en conta o informe da técnico de persoal de data 16/02/2024, no que expón que o citado regulamento non contempla a maneira de realizarse o proceso de avaliación que permitirá determinar se o traballador e “apto” ou “non apto” para o pase a segunda actividade e que solicita **se regule o procedemento para a avaliación do persoal que con motivo da diminución das aptitudes psicofísicas** que o imposibiliten para o exercizo das tarefas e funcións propias do seu posto, soliciten o pase a segunda actividade segundo o disposto no citado Regulamento Municipal.

Visto que en data 15/03/2024 don Jose Francisco Trillo Vilar solicita que sexa o Concello o



encargado de designar aos membros do Tribunal Médico para o pase a segunda actividade.

Vista a proposta de resolución presentada polo Concelleiro Delegado de Infraestruturas, Obras, Deportes, Transparencia e Participación Veciñal, Xabier Vidal Peón, de data 23/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** que a avaliación médica do persoal á que se refire dito regulamento sexa levada a cabo por:

- Facultativo/a de “Cualtis” encargado do servizo de prevención do Concello.
- Facultativo da Clínica del Carmen especializado en traumatoloxía.

44.- AUTORIZACIÓN USO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN, PARA A CELEBRACIÓN DUNHA SESIÓN DOS PROGRAMAS “AMAZONAS” E “LIDERESAS”

LOGO DE VER que Dna. Marta Barbeito Domínguez, en representación da Federación Española de Triatlón, presenta escrito de data 15/04/2024, con número de rexistro de entrada municipal 9.317, solicitando o sábado 27 de abril de 2024:

“EL USO DE LAS PISTAS DE ATLETISMO DE 17:00 A 18:00 Y DE 19:15 A 20:30, ASÍ COMO 3 CALLES EN LA PISCINA DE 18:00 A 19:00 PARA LLEVAR A CABO UNA SESIÓN DEL PROGRAMA AMAZONAS DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN CUYO OBJETIVO ES PROMOVER EL DEPORTE ENTRE MUJERES MENORES DE EDAD Y OTRA SESIÓN DEL PROGRAMA LIDERESAS, TAMBIÉN DE LA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN, CUYO OBJETIVO, EN ESTE CASO, ES PROMOVER EL DEPORTE ENTRE MUJERES ADULTAS”.

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas” e o estadio de atletismo “Ana Peleteiro”, non teñen actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 22-04-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta de resolución favorable con condicionantes emitida ao respecto polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 23/04/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” e o estadio de atletismo “Ana Peleteiro” á Federación Española de Triatlón, para a celebración dunha sesión dos programas “Amazonas” e “Lideresas”, cos seguintes condicionantes:



- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións será só para o **sábado 27 de abril de 2024**:
 - **De 17.30 a 18.00 e de 19.15 a 20.30 horas, o estadio de atletismo "Ana Peleteiro"**
 - **De 18.00 a 19.00 horas, 3 rúas da piscina "María Vilas".**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CREAR UN RINCÓN DE VENDA DE REFRESCOS E OUTROS – Hermanas Caridad Sagrado Corazón

Visto o escrito presentado por Victoria Pilar Paredero Rodríguez en representación das **Hermanas Caridad Sagrado Corazón**, de data 24/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.159), no que solicitan autorización para crear un rincón de venda de refrescos, larpeiradas e chocolate no evento Memorial Juan Vidal, o día 28/04/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a creación dun rincón de venda de refrescos, larpeiradas e chocolate no evento Memorial Juan Vidal, o día 28/04/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



46.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DE CESIÓN DE USO DE ESPAZO NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, no que solicitan a ampliación de cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, desde o día 06/05/2024 ao 16/07/2024 (en horario de 09:30 h. a 14:00 h.), así como os recursos materiais que haxa no mesmo (menaxe, utensilios, aparellos, etc...), co fin de realizar unha parte de aplicación práctica incluída nunha formación baseada no certificado de profesionalidade de operacións básicas en cociña.

Visto o o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 01/02/2024, polo que se lle concede autorización de cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, desde o día 09/05/2024 ao 07/06/2024 (en horario de 09:00 h. a 14:00 h.).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a ampliación de cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, desde o día 06/05/2024 ao 16/07/2024 (en horario de 09:30 h. a 14:00 h.), así como os recursos materiais que haxa no mesmo (menaxe, utensilios, aparellos, etc...), co fin de realizar unha parte de aplicación práctica incluída nunha formación baseada no certificado de profesionalidade de operacións básicas en cociña.

47.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA BISTRO)

VISTO o escrito presentado por **María del Mar Pego Santos**, en representación do establecemento “Reviravolta Bistro”, de data 24/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.144), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Reviravolta Bistro” (Ribeira), o día 27/04/2024, en horario de 22:00h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **María del Mar Pego Santos**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Reviravolta Bistro” (Ribeira), o día 27/04/2024, **en horario de 22:00h. a 02:00 h., nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.



Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Reviravolta Bistro" (Ribeira) (**María del Mar Pego Santos**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o*



seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

